

## COMPLEXO XUVENIL AS MARIÑAS GANDARÍO- ( BERGONDO)

**DATOS XERAIS:** Recinto de 50.000 m. cadrados situado á beira da praia de Gandarío, con instalacións deportivas, laboratorio de aula-mariña, salón de xogos, museos de bioloxía mariña e de arte xove, salas de xuntanzas, zona de acampada con servizos, cuartos colectivos de 6-8 camas e cafetería.

**ACCESOS:** A 2 km de Sada, na estrada de Betanzos. Autobuses desde A Coruña a todas as horas.

**ENDEREZO:** COMPLEXO XUVENIL DAS MARIÑAS -GANDARÍO  
LG CORNIDE 20,  
15165 BERGONDO (A CORUÑA)  
Tfno.: 981 791 005 Administración (só en caso de urxencia)

### ACTIVIDADES E QUENDAS

QUENDA	ANOS	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
1-12 xullo	00-01	Neste campamento as actividades fundamentais serán, introdución nos deportes de vela, táboa e mergullo; coñecemento práctico da natureza mariña; obradoiros náuticos e obradoiros de bioloxía mariña.
17-28 xullo	98-99-00	
2-13 agosto	97-98-99-00	<b>IMPLÍCA-T</b> Neste campamento participarás activamente, a metade da xornada, en actividades de voluntariado ambiental e de emprendemento práctico e participativo nos sectores produtivos tradicionais, aproveitando os recursos da zona, o que che aportará unha formación en valores.
18-29 agosto	01-02	Tamén haberá actividades de lecer, algunhas náuticas que complementan ás primeiras.

### NORMAS XERAIS:

- Os participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
- Ningún participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do director da actividade, e sempre acompañado dun adulto autorizado (**persoa que firmou nos papeis de inscrición**), no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (**persoa que firmou nos papeis de inscrición**) e do autorizado así como o impreso de autorización que lles será facilitado polos monitores o día da recepción.  
**Prégase non facer visitas de non ser necesario**, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
- Poderase contactar co equipo de monitores no teléfono **981 794116** de **15.00 a 16.00 horas**. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. Os participantes poderán chamar por teléfono no tempo libre de **15.00 a 16.00 horas e de 21.00 a 22.00 horas**. O centro conta con cabina telefónica.
- O centro ten atención sanitaria. Os participantes deberán levar **as tarxetas sanitarias orixinais**. O día da incorporación débese comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos en caso de tratamento específico que estean a tomar, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.
- Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro. Organizarase un "banco" onde os participantes poidan depositar os seus cartos e tamén os teléfonos.
- Aconséllase levar a roupa marcada coas iniciais.
- Na páxina Web [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net) no apartado de anexos, descargarase a **autorización de fotografías** que se entregará cuberta o día da incorporación.